



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN DIRIXIDA AO PLENO POLA ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE FERROL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal unha moción pola accesibilidade no Concello de Ferrol.

Exposición de motivos

No ano 2014, grazas ao esforzo de entidades sociais, de amplo percorrido na súa loita pola inclusión, como son o Grupo de diversidade funcional ou ASCM, Ferrol iniciou un camiño para a construción dunha cidade máis accesible para as persoas con dificultades de mobilidade.

Así xa son cinco as fases desenvoltas entre os técnicos do Concello, estas entidades e os diferentes gobernos que fixeron posible rachar barreiras físicas para a liberdade individual de toda a cidadanía. Máis dun millón de euros no

seu conxunto e setecentas actuacións en pasos peonín, sendo a última fase aprobada en decembro do 2018 para 238 pasos de peóns cunha dotación orzamentaria de 331.000 euros. Neste caso, nunca poderían ser mellor investidos os recursos públicos e debera ser un orgullo para toda a corporación, con aínda moito por facer pero cunha senda iniciada que non se pode desbotar.

No mesmo sentido, coa implicación de ASCM e Grupo de diversidade funcional, así como a colaboración dos centros educativos e da Policía Local, o goberno de Ferrol en Común desenvolveu un proxecto, pendente de executar, para mellorar a accesibilidade a centros educativos e deportivos, que incluía o acceso exterior como interior (gradas, aseos, vestuarios) dos pavillóns de A Malata, Ensanche Esteiro e Caranza, proxectos redactados separadamente para facilitar a súa progresiva execución por fases.

Semella que o actual goberno no ten interese, segundo transmiten con preocupación e tristeza as entidades, en continuar con este proxecto, ou cando menos a un novo estudo que supón unha ralentización na batalla pola inclusión, polo que dende Ferrol en Común instamos a:

- Que se cree unha mesa pola accesibilidade, con participación de todos os grupos municipais, convidando ASCM, Grupo de Diversidade Funcional, COAG e entidades que queiran adherirse así como coa

presencia técnicos municipais, para fixar obxectivos e un plan de actuacións e investimentos para facer de Ferrol unha cidade sen barreiras.

- Que se dea continuidade ao proxecto de Fases de accesibilidade de pasos peonís, así como a dos centros educativos e deportivos.

Ferrol, 24 de febreiro de 2020

Jorge Suárez Fernández